

ALTERNATIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2022, PRESENTADA POR VILAGARCIA EN COMUN

Con carácter previo deben destacarse dúas cuestión da proposta presentada polo Goberno local, a mesma non contén toda a documentación necesaria para realizar correctamente no aspecto técnico unha alternativa, esto demostra a falta de interese do Goberno local por negociar coa oposición, un goberno que xestiona ben, non pode en maioría absoluta, presentar un orzamento catro meses despois do legalmente establecido e sen a documentación obrigatoria para estes casos, liquidacións, informes de intervención etc.

En todo caso o presuposto presentado polo goberno local é inaceptable por falso o único dato de execución que presentan, demostra un desvío entre o orzamento inicial de 2021 e o final de 13 millóns de euros, un tercio do orzamentado inicialmente o que demostra a incorrección contable dun orzamento que non se asemella minimamente ao executado. Debe explicar o goberno como presenta un orzamento en 202 de 31 millóns de euros para acabar con un de 45 millóns de euros.

Tendo en conta esta realidade non é creíble que se presente un orzamento conxelado sobre o inicial do 2021, faltan moitos millóns de euros no orzamento, isto esta feito coa mala fe, de un orzamento oculto, que permita ir utilizando de forma publicista e electoralista os investimentos que non están no orzamento pero aparecerán ao longo do ano, evitando así un debate serio do orzamento de 2022.

É un orzamento falso e incapaz de atender as necesidades fundamentais de Vilagarcía.

VeC presenta unha alternativa que sustenta novas propostas de orzamento por un valor de 4.350.715€, que saen dunha redución de partidas presentadas polo goberno local de 350.715€ e un incremento de 4.000.000 baseado nun correcto cálculo dos ingresos que percibirá o concello, cálculo que sae de estimar un orzamento de ingresos similar aos importes recoñecidos en 2021 que foi de case 35 millóns de euros fronte aos 31 millóns iniciais. É polo tanto unha proposta prudente e axustada a realidade do concello e as súas contas.

VeC propón destinar estas cantidades as seguintes cuestión.

Compra terreos nova residencia Terceira Idade	1.000.000,00 €
--	-----------------------

Vilagarcía ten un enorme déficit de prazas públicas en residencias da terceira idade, así unicamente dispon de unha ducia na residencia Divina Pastora, polo que compre actuar sobre unha carencia social tan evidente no noso concello, co obxectivo de acadar nos vindeiros anos a construción dunha residencia 100% pública en Vilagarcía, para iso o primeiro paso é adquirir os terreos onde poder ubicala, para logo obrigar a Xunta a cumprir coa nosa veciñanza e construír a residencia coa vai facer en concellos como Riberia. Para isto VeC **pretende adquirir os terreos da finca Dos Duques de Medina, o que permitiría rehabilitar unha parte da nosa historia, e recupera os 37000 metros para o esparcemento do conxunto da cidadanía.**

Saneamento, Bamio, Guillán, A Laxe, Fontecarmoa	150.000,00 €
--	---------------------

En pleno século XXI, son moitas aínda as vivendas que no noso concello non posúen saneamento polo que propoñemos un ambicioso plan que permita nun horizonte de 4 anos, dotar a todas as vivendas do concello de saneamento público.

Incremento Becas, axudas estudantes Vilagarcía	25.715,00 €
---	--------------------

O Concello de Vilagarcía posúe un bo plan de axudas as persoas estudantes de primaria, secundaria, bacharelato e estudos universitarios, pero o último ano vimos como este plan non foi quen de cubrir o 100% das persoas que solicitando esta axuda e cumprindo os requisitos deberían recibir a axuda por falta de fondos, por iso propoñemos incrementar estas axudas.

Política Social, plan de axudas familias fronte a crise**250.000,00 €**

A política social do concello de Vilagarcía debe ser máis proactiva, e compre activar plans para as familias que sen estar en exclusión ou risco de exclusión, por mor do concatenamento de crises, polo incremento dos custos da compra ou enerxético, ten dificultades por exemplo para pagar o aluguer ou atender necesidades puntuais, por iso pretendemos implatar un novo plan para axudar as familias a superar a actual situación de crise.

Plan de Saúde mental Municipal**200.000,00 €**

VeC entende necesario que a partir da creación previa dun consello municipal de Saúde que permita as organizacións máis representativas de usuarias e traballadores santiarios participar e implicarse nas políticas locais en materia de saúde, desenvolver un plan municipal de saúde mental, en colaboración con entidades do terceiro sector.

APP reserva espazos deportivos**50.000,00 €**

Esta liña pretende dotar do orzamento necesario para a creación da APP de reservas de espazos deportivos que se aprobou crear a partir da nosa moción aprobada no pasado pleno de febreiro.

Mellora Seguridade Viaria Vilaxoan, A Laxe, Trabanca**150.000,00 €**

A falta de planificación global do goberno local a hora de acometer as ciclovías e humanizacións, ten provocado que lugares como Trabanca, Vilaxoan ou a Laxe vexan incrementado o seu tráfico de vehículos, sendo en moitos casos unha auténtica circunvalación alternativa ante o caos de tráfico permanente que se

vive en Vilagarcía, esta partida pretende estudar que se debe facer para garantir a seguridade viaria neses entornos.

Mellora e recuperación Pabillón de Bamio	300.000,00 €
---	---------------------

Peonalización Avd Mariña, tramo Mexilon, rúa Colón	725.000,00 €
---	---------------------

Obras Rural, negociadas representación veciñal	1.000.000,00 €
---	-----------------------

Vilagarcía ten unha débeda histórica co seu rural, froito da política política discriminatoria co rural en materia de investimentos producida nos últimos anos, nomeadamente co novo goberno local empeñado en crear un concello de dúas velocidades, por iso entendemos que debe habilitarse unha cantidade importante para negociar, barrio a barrio, parroquia a parroquia donde e como invertir para revertir o desleixo dos últimos anos co rural.

Plan de emprego Municipal	500.000,00 €
----------------------------------	---------------------

As políticas que importan son as políticas que permiten vivir mellor a nosa cidadanía, hoxe Vilagarcía manexa unha cifras de emprego moi por baixo da media Galega, e a cola da comarca, non podemos comparar o noso emprego en sectores fundamentais como a industria con concellos da nosa contorna, por iso propoñemos a creación dun plan de emprego local, que máis aló da política de regar subvencións, planifique e seña quen de atraer investimento industrial que se poida transformar en empregos dignos, de calidade e sostibles no tempo para a nosa xente.